



**ANUNCIO DA XUNTA ELECTORAL SOBRE O PROCESO ELECTORAL CONDUCENTE
Á 10ª RENOVACIÓN DA XUNTA DE ESCOLA DA EASD “PABLO PICASSO”**

1. VACANTES A CUBRIR POR COLECTIVOS

Representantes do Claustro:

Cómpre convocar TRES PRAZAS.

Representantes do alumnado:

Cómpre convocar CATRO PRAZAS.

Representantes do persoal de administración e servizos:

Cómpre convocar UNHA PRAZA.

2. CALENDARIO ELECTORAL

2.1. PRAZO ÚNICO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS.

Dende o luns día 14 de novembro ao mércores día 23 de novembro de 2016, de xeito persoal na oficina da EASD de 10 a 13 horas, e en impreso que se facilitará na mesma oficina ao efecto.

2.2. SORTEO PÚBLICO DAS MESAS ELECTORAIS DE ALUMNADO.

O mércores día 23 de novembro de 2016 ás 13 horas no despacho de Dirección da EASD.

2.3. ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DO PROFESORADO.

O luns día 28 de novembro de 2016 ás 10,00 horas celebrárase sesión extraordinaria do Claustro de Profesores para informar sobre o proceso de eleccións. Ese mesmo día ás 10,30 horas celebrárase outra sesión extraordinaria para a votación dos representantes do profesorado na Xunta de Escola.

2.4. ELECCIÓNS DO REPRESENTANTE DO PERSOAL DE AMINISTRACIÓN E SERVIZOS.

O luns día 28 de novembro de 2016 celebrárase a votación para a elección dos representantes do persoal de administración e servizos, na oficina da EASD, dende as 12 horas ata as 14 horas.

2.5. ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO.

O luns día 28 de novembro de 2016 celebrárase a votación para a elección dos representantes do alumnado, na Biblioteca da EASD, dende as 12 horas ata as 14 horas e dende as 16 horas ata as 18 horas.

2.6. PUBLICACIÓN DE CANDIDATOS ELIXIDOS E NOVA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE ESCOLA.

Ata o luns día 5 de decembro de 2016.